

# Convocatoria de proxectos de innovación educativa en aprendizaxe e servizo 2022/23 orientada ao logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable

## 1. Definición de aprendizaxe e servizo

A aprendizaxe e servizo (en diante, APS) é unha proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e servizo á comunidade nun só proxecto en que as persoas participantes se forman traballando sobre as necesidades reais da contorna co obxectivo de melloralas (Puig *et al.*, 2011). É unha actividade que integra o servizo e o compromiso comunitarios significativos coa aprendizaxe de contidos e a adquisición de habilidades a partir da práctica reflexiva. A principal diferenza co voluntariado é que os proxectos de APS sempre responden aos resultados de aprendizaxe asociados a unha materia do currículo académico, co obxectivo de alcanzar determinadas competencias específicas da titulación en que se enmarca a dita materia. Doutro lado, a diferenza con algunhas prácticas é que debe estar presente un proceso reflexivo que xere unha conciencia crítica, que anime o estudiantado a buscar unha sociedade máis xusta.

No contexto dos plans de estudo da Universidade da Coruña (UDC) poderase realizar unha proposta de APS no marco das diferentes materias de calquera titulación oficial ou título propio, incluídos o TFG, o TFM e o Prácticum.

Valorarase positivamente que os proxectos inclúan a contribución da UDC para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS). Estes 17 obxectivos son parte da Axenda 2030, a través da cal os membros das Nacións Unidas se comprometen con tales principios básicos para abordar os desafíos globais que afrontamos a diario, como a pobreza, a desigualdade, o clima, a degradación ambiental, a prosperidade, a paz e a xustiza.

A **Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente (VPAID)**, a través do **Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE)** e da **Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV)** da UDC, abre esta convocatoria a todo o profesorado que realice unha actividade de APS durante o curso académico 2022/23.

## 2. Obxecto da convocatoria

O propósito desta convocatoria é recoñecer e incentivar o exercicio e a calidade das iniciativas de innovación educativa levadas a cabo durante o curso académico 2022/23 e que empreguen a metodoloxía da APS para a transformación social, coa transversalización dos ODS, dentro do marco curricular da UDC.

Os proxectos estarán obrigatoriamente vinculados ao currículo de materias pertencentes a titulacións oficiais ou a títulos propios da UDC correspondentes ao curso académico 2022/23.

Establécense tres modalidades de participación:

### 1. Modalidade A: proxectos novos

Nesta modalidade presentarase os proxectos que concorran por primeira vez a esta convocatoria.

## 2. Modalidade B: proxectos de continuidade

Presentaranse os proxectos que xa foron certificados en edicións anteriores e que incorporen modificacións ou elementos innovadores na edición correspondente ao curso académico 2022/23.

## 3. Modalidade C: proxectos no marco de títulos propios

Presentaranse os proxectos que desexen obter a certificación da súa actividade de APS realizada no marco de títulos propios da UDC durante o curso académico 2022/23.

## 3. Requisitos

Os requisitos de participación dependen da modalidade do proxecto de APS:

1. **Modalidades A e B:** poderá solicitar a avaliación do seu proxecto de APS o PDI da UDC que teña vínculos no plan de organización docente (POD) coa materia ou as materias en que se desenvolveu o proxecto durante o curso académico 2022/23.
2. **Modalidade C:** non se esixe a mencionada vinculación a través do POD.

Os proxectos de APS só se poden realizar en colaboración con entidades con que se subscribiu un convenio de colaboración e se asinou o anexo ao convenio correspondente, salvo no caso de proxectos desenvolvidos dentro da propia UDC ou no caso de proxectos de divulgación que respondan a unha necesidade social de carácter xeral.

O proxecto de APS debe estar claramente enmarcado no contexto curricular dunha materia e contribuír ao logro dos obxectivos e/ou as competencias que ten asociados.

Nos proxectos presentados a esta convocatoria valorarase positivamente a transversalización dun ou máis dos ODS, tendo en conta os obxectivos establecidos para cada un deles:

1. Fin da pobreza
2. Fame cero
3. Saúde e benestar
4. Educación de calidade
5. Igualdade de xénero
6. Auga limpa e saneamento
7. Enerxía accesible e non contaminante
8. Traballo decente e crecemento económico
9. Industria, innovación e infraestrutura
10. Redución das desigualdades
11. Cidades e comunidades sustentables
12. Produción e consumo responsables
13. Acción polo clima
14. Vida submarina
15. Vida de ecosistemas terrestres
16. Paz, xustiza e institucións sólidas
17. Alianzas para lograr os obxectivos

## 4. Comisión de Valoración

A comisión encargada da valoración das solicitudes será designada polas direccións do CUFIE e da OCV, e estará formada polos seguintes membros:

1. Unha persoa representante das entidades receptoras do servizo que participase previamente nalgunha experiencia de APS da UDC.
2. Dúas persoas docentes que participasen nalgunha experiencia de APS da UDC e que non presenten ningún proxecto na convocatoria actual.
3. Un/unha alumno/a que participase nalgunha experiencia de APS da UDC.
4. As persoas que dirixan os dous servizos implicados (CUFIE e OCV), unha das cales actuará como presidenta desta comisión.
5. As tres técnicas dos dous servizos implicados (CUFIE e OCV), unha das cales actuará como secretaria.

## 5. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes poderán presentarse desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da UDC até as 23:59 horas do día 29/09/2023, dirixiranse á Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente (VPAID) e presentaranse a través do Rexistro Electrónico da UDC<sup>1</sup>.

## 6. Documentación necesaria

A documentación que se debe entregar varía para cada unha das modalidades e detállase a continuación (os modelos dos anexos estarán dispoñibles para a súa descarga na sección de Innovación educativa da web do CUFIE<sup>2</sup>):

### 6.1. Modalidade A (proxectos novos)

1. Memoria do proxecto segundo o modelo que se achega como anexo I desta convocatoria. **Se este documento non se presenta en tempo e forma, o proxecto non pasará á fase de valoración.**
2. Copia do anexo ao convenio de APS asinado, de ser o caso, pola/s entidade/s participante/s.
3. Probas gráficas e/ou documentais que xustifiquen a realización efectiva do proxecto: fotografías, mensaxes de correo electrónico, actas de reunións etc. **Estes documentos deberán respectar a protección de datos de carácter persoal.**
4. Presentación (vídeo, PowerPoint ou similar) breve e gráfica, con finalidade divulgativa, que resuma os aspectos principais do proxecto e as reflexións e conclusións dos/as participantes (é opcional facelo por rexistro, pódese presentar a través dun formulario habilitado na páxina web do CUFIE<sup>3</sup>).

### 6.2. Modalidade B (proxectos de continuidade)

1. Memoria do proxecto segundo o modelo que se achega como anexo II desta convocatoria. **Se este documento non se presenta en tempo e forma, o proxecto non pasará á fase de valoración.**
2. Copia do anexo ao convenio de APS asinado, de ser o caso, pola/s entidade/s participante/s.

<sup>1</sup> [https://sede.udc.gal/services/telematic\\_register](https://sede.udc.gal/services/telematic_register)

<sup>2</sup> <https://udc.es/cufie/INNOVACION/APS/ConvocatoriaApS2023/>

<sup>3</sup> <https://udc.es/cufie/INNOVACION/APS/ConvocatoriaApS2023/>

3. Probas gráficas e/ou documentais que xustifiquen a realización efectiva do proxecto: fotografías, mensaxes de correo electrónico, actas de reunións etc. **Estes documentos deberán respectar a protección de datos de carácter persoal.**
4. Presentación (vídeo, PowerPoint ou similar) breve e gráfica, con finalidade divulgativa, que resuma os aspectos principais do proxecto e as reflexións e conclusións dos/as participantes (é opcional facelo por rexistro, pódese presentar a través dun formulario habilitado na páxina web do CUFIE<sup>4</sup>).

### 6.3. Modalidade C (proxectos de títulos propios)

O procedemento para a presentación dos proxectos de títulos propios é o mesmo que para os proxectos da modalidade A.

### 6.4. Consideracións para todas as modalidades

Poderanse solicitar, en calquera momento do trámite administrativo, os documentos orixinais a partir dos cales se xeraron as copias incorporadas na solicitude para verificar a súa vixencia e conformidade.

A presentación da solicitude dunha forma distinta á establecida nesta convocatoria dará lugar á súa exclusión do proceso de avaliación.

## 7. Supostos de colaboración

No caso de que o proxecto sexa froito dun traballo conxunto e vinculado a varias materias de titulacións oficiais da UDC, cada unha das persoas docentes responsables deberá estar adscrita ao POD das devanditas materias. Así mesmo, deben detallarse as aprendizaxes curriculares do alumnado para cada unha das materias que participaron no proxecto, facendo mención expresa no informe do alcance da contribución persoal de cada docente.

Doutra banda, permitirase solicitar unha certificación como persoal colaborador (até un máximo de dúas persoas por proxecto) a calquera persoa, pertencente ou non á UDC, que teña un rol relevante no desenvolvemento do proxecto.

## 8. Valoración de solicitudes

Os proxectos poderán obter unha valoración de «apto», «non apto» ou «apto con opcións de mellora».

Os criterios de valoración para cada unha das modalidades son os que se detallan a continuación:

### 8.1. Modalidade A (proxectos novos)

1. **Aprendizaxe.** As aprendizaxes adquiridas están relacionadas co currículo académico do alumnado. Xustifícase adecuadamente a contribución do proxecto á adquisición de competencias da materia ou as materias en que se enmarca. **A ausencia ou indefinición deste criterio suporá a valoración do proxecto como «non apto».**
2. **Repercusión do servizo.** Xustifícase adecuadamente que o servizo responde a unha necesidade social ou ambiental previamente detectada e acordada entre as partes. **A ausencia ou indefinición deste criterio suporá a valoración do proxecto como «non apto».**

---

<sup>4</sup> <https://udc.es/cufie/INNOVACION/APS/ConvocatoriaApS2023/>

3. **Reflexión.** A planificación do proxecto ten en conta tarefas de reflexión sobre o impacto e a calidade do servizo que se realiza e presenta evidencias (diarios de campo, enquisas, valoracións individuais do alumnado recollidas nunha memoria ou un traballo...) que demostran os cambios nos coñecementos, as actitudes ou as habilidades das persoas participantes.
4. **Implicación do persoal docente.** Xustifícase debidamente a implicación de cada un/unha dos/as PDI participantes, que fan un seguimento continuo de todo o proceso co alumnado e coa entidade asociada e achegan evidencias.
5. **Avaliación do proxecto.** Planifícase a avaliación na formulación do proxecto. Recóllense evidencias da evolución do proxecto antes, durante e despois do seu desenvolvemento.
6. **Proxección.** Posibilidade de consolidación e de continuidade no tempo da proposta, así como de proxección a outras materias e a outras entidades receptoras
7. **Transversalización dos ODS no proxecto.** Desde o inicio do proxecto, téñense en conta os ODS mediante a orientación da planificación das súas actividades ao desenvolvemento deles.

## 8.2. Modalidade B (proxectos de continuidade)

1. **Aprendizaxe.** As aprendizaxes adquiridas están relacionadas co currículo académico do alumnado. Xustifícase adecuadamente a contribución do proxecto á adquisición de competencias da materia ou as materias en que se enmarca. **A ausencia ou indefinición deste criterio suporá a valoración do proxecto como «non apto».**
2. **Repercusión do servizo.** Xustifícase adecuadamente que o servizo responde a unha necesidade social ou ambiental previamente detectada e acordada entre as partes. **A ausencia ou indefinición deste criterio suporá a valoración do proxecto como «non apto».**
3. **Melloras, cambios e innovacións con respecto ao ano anterior.**
4. **Envergadura e impacto do proxecto.** Número de entidades participantes, cantidade de estudantes implicados/as, número de persoas destinatarias do servizo, impacto social e ambiental de todos os axentes implicados, duración do proxecto, materias e docentes implicados/as etc.
5. **Transversalización dos ODS no proxecto.** Desde o inicio do proxecto, téñense en conta os ODS mediante a orientación da planificación das súas actividades ao desenvolvemento deles.

## 8.3. Modalidade C (proxectos de títulos propios)

Para os proxectos de títulos propios que se presenten a avaliación nesta convocatoria serán de aplicación os mesmos criterios que para os proxectos da modalidade A.

## 9. Resolución

Unha vez valoradas as solicitudes presentadas, a Comisión de Valoración publicará, na Sede Electrónica da UDC, a resolución provisional coa listaxe de proxectos cualificados como «apto» ou «apto con opcións de mellora», e tamén a listaxe de proxectos desestimados, xunto coas causas da súa inaptitude.

Contra esta resolución provisional poderase presentar unha reclamación ante o/a presidente/a da Comisión de Valoración no prazo de dez días hábiles, que comezarán a contar a partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional. Unha vez analizadas as reclamacións, a Comisión de Valoración fará pública a resolución definitiva na Sede Electrónica da UDC. Contra esta listaxe definitiva caberá interpor un

recurso de alzada ante a Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente (VPAID) no prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao da publicación da resolución definitiva na Sede Electrónica da UDC.

Unha vez publicada a resolución definitiva, o CUFIE certificará a participación do persoal docente e, logo de solicitude, a OCV certificará a participación do alumnado.

Ademais, poderán optar á certificación, en calidade de docentes colaboradoras, outras persoas que participen no proxecto (até un máximo de dúas), sempre que a súa participación estea debidamente acreditada no anexo I e nas evidencias documentais do proxecto.

## 10. Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPD), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a súa concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da UDC, cuxa información de contacto é a seguinte: rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal).

A finalidade do tratamento destes datos persoais é valorar e certificar os proxectos desenvolvidos coa metodoloxía da APS. Todas as persoas que tiveren acceso a estes datos coa citada finalidade cumpriran o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución correspondente, no taboleiro de anuncios do CUFIE e da OCV e nos seguintes enderezos web: [www.udc.gal/cufie](http://www.udc.gal/cufie); [www.udc.gal/ocv](http://www.udc.gal/ocv); <https://sede.udc.gal/>, na forma prevista na disposición adicional 7.ª da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada trinta días naturais e será responsabilidade do suxeito convocante retirala despois de vencer o prazo.

Os datos mencionados trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade indicada nesta convocatoria, e conservaranse debidamente bloqueados para os efectos da posible esixencia de responsabilidades legais. A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, consentimento que terá dereito a retirar en calquera momento, sen efectos retroactivos. Tamén terá dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Igualmente terá dereito a oporse ao citado tratamento, ben como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer, destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, na sección Outros trámites. Tamén pode remitir unha solicitude ao seguinte enderezo postal: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, ou ao correo electrónico [secretariaxeral@udc.gal](mailto:secretariaxeral@udc.gal), coa referencia «Protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, a que se lle xuntará a fotocopia do seu DNI. Así mesmo, poderá dirixir esta solicitude directamente á persoa



que sexa a delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal antes indicado ou ao correo electrónico [dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal).

Igualmente, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

## Anexo I. Modelo de memoria para as modalidades A (proxectos novos) e C (proxectos de títulos propios)

### 1. Identificación do proxecto

<b>MODALIDADE</b> (modalidade A [proxectos novos] ou Modalidade C [títulos propios])	
<b>TÍTULO</b>	
<b>RESUMO</b> (máximo 400 palabras)	
<b>TITULACIÓN</b>	
<b>DOCENTES RESPONSABLES</b>	
<b>DOCENTES COLABORADORES/AS</b> (nome, apelidos, DNI, correo-e)	
<b>MATERIAS EN QUE SE DSENVOLVEU O PROXECTO</b>	
<b>CURSO E CUADRIMESTRE</b>	
<b>TELÉFONOS DE CONTACTO</b>	
<b>CORREO ELECTRÓNICO DE CONTACTO</b>	

Documentación adicional que se achega:

- Copia do anexo ao convenio de APS asinado coa/s entidade/s receptora/s do servizo.
- Evidencias gráficas e/ou documentais que xustifican a realización efectiva do proxecto (fotografías, actas de reunións, correos electrónicos...). **Deberán respectar a protección de datos de carácter persoal.**
- Presentación/vídeo-resumo do proxecto con finalidade divulgativa (é opcional a súa presentación por rexistro, pódese facer mediante un formulario habilitado na páxina web do CUFIE<sup>1</sup>)

### 2. Datos técnicos

<b>NOME DA/S ENTIDADE/S RECEPTORA/S DO SERVIZO</b>	
<b>NÚMERO DE ESTUDANTES PARTICIPANTES</b>	
<b>NÚMERO ESTIMADO DE PERSOAS DESTINATARIAS DO SERVIZO</b>	

<sup>1</sup> <https://udc.es/cufie/INNOVACION/aps/ConvocatoriaApS2023/>



<b>NECESIDADE SOCIAL OU AMBIENTAL QUE ATENDE O PROXECTO</b>	
<b>DURACIÓN DO PROXECTO</b>	
<b>ODS A QUE CONTRIBÚE</b> (só compre enumeralos)	

### 3. Adquisición de competencias, aprendizaxes e sistemas de avaliación

#### 3.1. Adquisición de competencias

Contribución do proxecto á adquisición das competencias específicas, xerais e transversais asignadas á/s materia/s en que se enmarca o proxecto (das que figuran na/s guía/s docente/s da/s materia/s).

<b>COMPETENCIAS DA MATERIA</b>	<b>CONTRIBUCIÓN DO PROXECTO AO SEU LOGRO</b>

#### 3.2. Contribución do proxecto ao logro dos ODS antes enumerados

#### 3.3. Sistemas de avaliación e seguimento dos coñecementos adquiridos polo alumnado (forma de avaliación do traballo de APS realizado por el alumnado)

### 4. Datos descritivos do servizo realizado

#### 4.1. Descrición do servizo (necesidades sociais e/ou ambientais a que dá resposta o proxecto)

#### 4.2. Obxectivos e fases de desenvolvemento del servizo

Detállese como foi o proceso de implantación da experiencia, as actividades realizadas para alcanzar os obxectivos e a vinculación destas actividades cos obxectivos da materia, a xustificación da participación de cada docente (no caso de ser varios/as) e as evidencias recollidas.

<b>OBXECTIVO DO SERVIZO</b>	<b>ACTIVIDADE REALIZADA</b>	<b>VINCULACIÓN COS OBXECTIVOS DA MATERIA</b>	<b>DOCENTE ENCARGADO/A</b>	<b>EVIDENCIAS PRESENTADAS (NOME DO FICHEIRO)</b>



## 5. Resultados da experiencia APS

Aquí débense incluír os datos de participación, niveis de satisfacción, reflexións dos axentes participantes, aspectos para mellorar, datos de actividades de difusión/celebración da experiencia etc.).

## 6. Proxección do proxecto

Especifíquese aquí se hai intención ou posibilidade de continuar o proxecto.

## Anexo II. Modelo de memoria para a modalidade B (proxectos de continuidade)

### 1. Identificación del proxecto

TÍTULO	
RESUMO (máximo 400 palabras)	
TITULACIÓN	
DOCENTES RESPONSABLES	
DOCENTES COLABORADORES/AS (nome, apelidos, DNI, correo-e)	
MATERIAS EN QUE SE DESENVOLVEU O PROXECTO	
CURSO E CUADRIMESTRE	
TELÉFONOS DE CONTACTO	
CORREO ELECTRÓNICO DE CONTACTO	

Documentación adicional que se achega:

- Copia do anexo ao convenio de APS asinado coa/s entidade/s receptora/s do servizo.
- Evidencias gráficas e/ou documentais que xustifican a realización efectiva do proxecto (fotografías, actas de reunións, correos electrónicos...). **Deberán respectar a protección de datos de carácter persoal.**
- Presentación/vídeo-resumo do proxecto con finalidade divulgativa (é opcional a súa presentación por rexistro, pódese facer mediante un formulario habilitado na páxina web do CUFIE<sup>1</sup>)

### 2. Datos técnicos

NOME DA/S ENTIDADE/S RECEPTORA/S DO SERVIZO	
NÚMERO DE ESTUDANTES PARTICIPANTES	
NÚMERO ESTIMADO DE PERSOAS DESTINATARIAS DO SERVIZO	
NECESIDADE SOCIAL OU AMBIENTAL QUE ATENDE O PROXECTO	
DURACIÓN DO PROXECTO	
ODS A QUE CONTRIBÚE (só cómpre enumeralos)	

<sup>1</sup> <https://udc.es/cufie/INNOVACION/aps/ConvocatoriaApS2023/>



### 3. Modificacións/innovacións do proxecto con respecto al año anterior

Recóllanse na seguinte táboa as evidencias que se corresponden con cada unha das accións.

EVIDENCIA (NOMBRE DEL ARCHIVO)	ACCIÓN

### 4. Xustificación da contribución do proxecto á adquisición das competencias da materia

Relaciónense na seguinte táboa as evidencias que se corresponden con cada unha das accións.

EVIDENCIA (NOMBRE DEL ARCHIVO)	ACCIÓN

### 5. Xustificación da contribución do proxecto ao logro dos ODS antes relacionados

### 6. Resultados da experiencia APS

Aquí débense incluír os datos de participación, niveis de satisfacción, reflexións dos axentes participantes, aspectos para mellorar, datos de actividades de difusión/celebración da experiencia etc.).